



**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º, 4º e 6º Ed. Primaria) e AXUDAS para a adquisición de LIBROS DE TEXTO (1º e 2º de Ed. Primaria) e MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020/2021 (toda a etapa de Ed. Primaria)**

A petición de material e libros farase nunha **única solicitude** onde se incluírán **todos os membros** da familia que queiran solicitar ditas axudas (Anexos I e II)

- **Prazo de solicitude : dende o 21 de maio ata o 22 de xuño de 2021**

- **FONDO DE LIBROS**

O alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º deberá **devolver** os libros de texto que lle foran asignados na anterior convocatoria (curso 2020/2021) antes do 22 de xuño. Os libros deben estar en **bó estado** para ter dereito ao fondo de libros do curso 2021/2022.

- **ADQUISICIÓN DE LIBROS**

Axuda destinada ao alumnado de 1º e 2º con renda per cápita igual ou inferior a 10.000 €

- **CHEQUE MATERIAL**

Só renda per cápita igual ou inferior a 6000 €.

**Renda per cápita: resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables.**

**Recadro 435 + recadro 460 / número de membros da familia**



**Ademáis dos Anexos I e II, deberase presentar a seguinte documentación:**

1. **Identidade.** Achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, **cando NON autoricen a consulta de forma telemática**
2. **Copia do Libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2019, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
  - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
  - Certificado de defunción.
3. **Grao de discapacidade.** Achegarase o certificado acreditativo do grao de discapacidade emitido polo órgano competente ou o documento acreditativo da condición de preceptor dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
4. No caso de situación de **violencia de xénero** no contorno familiar: documentación acreditativa.
5. **Renda familiar.** **Cando NON autoricen a consulta de forma telemática,** achegarase copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante.
6. Os menores que se atopen en **situación de garda, tutela** ou atención de día pola Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.



7. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.
8. Só se cubrirá unha solicitude por unidade familiar e será a mesma para os tres tipos de axudas. Se a solicitude se fai vía electrónica hai que cubrir unha solicitude para cada fillo/a.

**O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATA O 22 DE XUÑO**



## **Admisión Alumnado 21-22**

A continuación detállase a documentación necesaria para o proceso de admisión de novo alumnado de cara ao vindeiro curso 2021-2022:

1. Impreso ED550B
2. Fotocopia do Libro de Familia
3. Volante histórico de convivencia (tramitación online a través da páxina do concello de Vigo)

Un saúdo